

INDICADORES DE DESENVOLVEMENTO NO SEGUNDO ANO DE VIDA (12-24 meses)

Desenvolvemento psicomotor e autonomía persoal

12-18 meses
Ponse de pe e da pasos sen apoio
Fai rodar unha pelota, imitando o adulto
Comeza a admitir comida sólida
Manipula libremente os xogos de interacción
Recoñece partes do corpo
18-24 meses
Bebe de unha taza agarrándoa coas dúas mans
Comeza a comer coa culler, aínda que lle caia un pouco de comida
Recoñece obxectos cotiás de hixiene (o peite, a esponxa)
Recoñece máis partes do corpo
Dobra a cintura para recoller obxectos sen caer
Recoñecese a sí mesmo en fotos

Desenvolvemento das relacións

12-18 meses
Recoñece a persoas non familiares pero que pertencen ó seu entorno
Recoñece obxectos de uso habitual
Imita o xogo do adulto
Acepta a ausencia dos pais, aínda que proteste
Repite as accións que provocan graza ou atraen atención
Explora os obxectos familiares
18-24 meses
Recoñece os espazos básicos do seu entorno (a casa, a escola infantil)
Toma parte dos xogos con outros nenos
Comparte un xoguete con outro neno cando se lle pide
Recoñece algúns elementos propios da estación do ano na que estamos: roupa e calzado
Participa nas actividades que lle propoñemos
Comeza a reproducir accións reais con xoguetes (coches, a cocinita)

Comunicación e linguaxe

12-18 meses

Repite sons que fan outros

Obedece ordes simples acompañadas de xesto

Combina dúas sílabas distintas

Identifica entre dous obxectos o que se lle pide

Gústalle mirar contos con imaxes

Atende o seu nome

18-24 meses

Emprega unha ou dúas palabras significativas para designar obxectos ou persoas

Disfruta ca música, imitando xestos e ritmos

Empeza a entender e aceptar ordes verbais (recolle, séntate, vaite a mesa)

Comeza a xuntar palabras para construír as primeiras frases (mamá pan)

Atribúe funcións aos obxectos máis familiares e vainos nomeando

Imita sons de animais e obxectos coñecidos (onomatopeas)

Sinais de alarma

- Non anda so
- Non sinala partes principais do seu corpo
- Non se acerca nunca con interese para xogar con outro neno
- Non reconece distintos espazos moi familiares (a cociña, o baño...)
- Non imita accións nin sons coñecidos
- Non responde o seu nome

Estes signos teñen carácter orientativo e para evitar falsas alarmas, e conveniente que se dean alomenos dúas destas situacións, ou consultar especificamente co seu pediatra ou especialista.

Pode haber casos en que está presente algún signo de alarma correspondente a etapa anterior, neste caso é recomendable consultar con un especialista.

Pautas educativas 1-2 anos

Desenrolo motor

-Facilitar o desprazamento e a coordinación mediante:

- ✚ Andar con axuda, e despois de maneira independente.
- ✚ Introducir distintas superficies polas que desprazarse (area, colchón, etc)
- ✚ Fomentar que empeza a correr (xogar a pillar)
- ✚ Andar hacia atrás e hacia os lados
- ✚ Subirse a un triciclo, ao principio con axuda, desprazándose sen pedais ou movendo o manillar.
- ✚ Subir e baixar pequenas alturas
- ✚ Chutar a pelota con axuda e esquivar pequenos obstáculos. Se mantén o gatero, non debemos prohibirlo.
- ✚ Marcar camiños no chan para que ande por un espazo determinado
- ✚ Poñer pequenos obstáculos, pedímoslle que pase sen pisalo
- ✚ Poñemos marcas no chan e xogamos a ir de unha a outra
- ✚ Dámoslle un obxecto para cada man para que os leve de un sitio a outro
- ✚ Dámoslle varios xoguetes pequenos e xogamos a levalos de un sitio a outro sen que caian
- ✚ Pedímoslle que suba e baixe pequenos escalóns sen axuda
- ✚ Xogamos a chutar a pelota

-Favorecer o control postural

- ✚ Animalo a que se sente solo en unha cadeira pequena
- ✚ Facilitar a estimulación do seu sistema vestibular (balancear, un columpio)
- ✚ Manter distintas posicións, de xeonllos, agacharse e levantarse, de puntillas
- ✚ Realizar xogos que requiran cambios de posición bruscos como volteretas, facer o avión, etc

-Favorecer a motricidade fina

- ✚ Xogos de manipulación de distintos materiais: brandos, duros, obxectos que fan sons cando os apresamos, papel, area, auga, plastilina...
- ✚ Meter obxectos nunha caixa, con unha abertura cada vez máis pequena
- ✚ Xogos de coordinación, mediante encaixables de cubos, xogos de contrucción...
- ✚ Potenciar a utilización do dedo índice para sinalar ou indicar algo.
- ✚ Pedirle que desenvolva un caramelo

- ✚ Xogamos a coller e tirar auga, area, etc con un cubo
- ✚ Ofrecémoslle fíos de distintos grosos e xogamos a agarralos e metelos en unha caixa.
- ✚ Xogamos a pinchar palillos en plastilina
- ✚ Dámoslle botellas con tapón de rosca e ensinámoslle a desenroscar
- ✚ Co revistas ou periódicos, ensinámoslle a apresar e facer bolas de papel
- ✚ Tiramos o balón coas dúas mans, sentados ou de pe
- ✚ Ensinámoslle a estirar un lazo, agarrando un cordón co dedo índice e pulgar para desatalo
- ✚ Xogos manipulativos de abrir e cerrar caixas, xirar, tocar, manipular, encaixar, xirar, pasar páxinas, etc

Desenrolo cognitivo

-Favorecer xogos de imitación

- ✚ Imitar xestos de “adeus”, “non”, “arriba”, “abaixo”
- ✚ Cantar e escoitar cancións acompañadas de xestos
- ✚ Simular actividades da vida cotiá imitando accións dos adultos, por exemplo, facer que nos peinamos, que abrimos a porta ca chave, etc e que el mesmo simule esa actividade.
- ✚ Imitar movementos complexos como darse no xeonllo coas mans, darlle de comer a unha boneca, imitar xestos de cancións. Pouco a pouco pedímoslle que as faga solo, sen que nos as fagamos previamente.
- ✚ Imitar figuras ou formas con pintura.

-Xogos de permanencia dos obxectos

- ✚ Esconder un xoguete que lle gusta, xogar o “cu-cu”
- ✚ Cambiar un xoguete de sitio para que o busque e o mesmo tempo, facilitar a expresión de xestos como “non está” coa cabeza e expresando verbalmente para que nos imite.

-Xogos de expresión-comprensión

- ✚ Potenciar a expresión de distintas sensacións e emocións como alegría, enfado mediante cousas que lle gusten ou lle disgusten, para facilitar a comunicación
- ✚ Reforzar calquera expresións de sons e vocalizacións, facilitando mediadores que favorezan estas expresións, como un teléfono, bonecos-marionetas, etc.
- ✚ Dar ordes sinxelas de unha acción, como “toma, dame, sube, baixa,” etc de unha acción e un obxecto como “dame a pelota, toma a caixa” e despois “dalle a papá a taza”.

- ✚ A partir dos 18 meses, pedirlle que faga ordes de dous elementos, por exemplo, “trae a pelota e o zapato”, ou de dúas accións “ colle o chupete e traemo”. Facerlle preguntas sobre accións e situacións que pasan en contos que acabamos de escoitar.

-Xogos de construción e encaixables

- ✚ Construír torres
- ✚ Encaixables de formas sinxelas (círculo, cuadrado, triángulo...)
- ✚ Meter aros en un soporte

-Recoñecemento do propio corpo:

- ✚ Coñecemento do propio corpo, as partes principais do mesmo (cabeza, ollos, nariz, boca, pes, mans, etc.) con cancións ou mentres se lle baña.
- ✚ A partir dos 18 meses, pedir que sinal as partes do corpo tamén en nós, en un boneco...

-Xogos de identificar e emparellar (a partir de 18 meses)

- ✚ Identificar obxectos familiares entre catro ou seis imaxes diferentes.
- ✚ Buscar e identificar, ensinándolle contos e preguntándolle por diferentes imaxes, que diga o que ve, que pase as páxinas.
- ✚ Emparexar imaxes de debuxos familiares e sinxelos, ofrecéndolle varias tarxetas e aumentando o número delas progresivamente.
- ✚ Recoñecer obxectos pola súa funcionalidade: o que serve para comer, para peinarse, para gardar a roupa, etc.

-Xogos de construción, encaixables e puzzles (a partir de 18 meses)

- ✚ Realizar encaixables coas formas básicas.
- ✚ Construír torres con cubos aumentando pouco a pouco a súa cantidade
- ✚ Iniciar a realización de puzzles de dúas-tres pezas.

-Xogos de recordar e anticiparse (a partir de 18 meses)

- ✚ Aproveitar calquera situación do día a día, preguntando sobre as cousas: ¿Ónde está o pañal?, ¿Ónde está o vaso?
- ✚ Pedirlle que anticipe xestos de cancións
- ✚ Anticipar accións de contos que xa lle contamos outras veces, deixando que o neno nos diga o que vai pasar despois.

Recordar, aproveitar os distintos momentos cotiás da nosa rutina e crear outros momentos e oportunidades especialmente estimulantes para favorecer o seu aprendizaxe e desenvolvemento de maneira lúdica e divertida.

Desenrolo comunicativo

A estimulación da linguaxe en esta etapa é fundamental, por iso debemos aproveitar calquera situación para favorecer a comunicación en momentos de xogo, alimentación, o baño, etc. Algunhas ideas e actividades que potencian o desenvolvemento da linguaxe son:

- ✚ Xogamos a nomear xoguetes. Imos preguntándolle que son, e senón responde, nos dicimos como se chaman. Non fai falta que diga o nome de todos os xoguetes, sirve con que nos escoite e nos atenda. Se nese momento está distraído, é mellor esperar e buscar un momento no que colabore.
- ✚ Xogamos a terminar palabras, elixindo palabras sinxelas e ensinándolle a que as termine.
- ✚ Ensinámoslle a dicir “si” e “non”, ofrecéndolle algo e preguntándolle se o quere. Cando extenda os brazos, ofrecémosllo dicindo “si”, ou ofrecéndolle dous xoguetes, dámoslle un e cando vaia a collelo dicimoslle “non” e dámoslle o outro dicindo “si”.
- ✚ O mesmo coa comida, preguntámoslle se quere comer e ofrecémoslla dicindo “si”.
- ✚ Contamos contos con libros moi sinxelos, e nos imos relatando o que pasa.
- ✚ Nomeámoslle as accións máis importantes do día, a hora de comer, de dormir, etc. Falámoslle nomeando os obxectos que usamos e as accións que realizamos.

Desenrolo persoal e social

Por un lado, é importante favorecer os procesos de **socialización**, tendo en conta as seguintes ideas:

- ✚ Reforzar as respostas que sexan iniciativas para a interacción
- ✚ Facilitar a reacción adecuada ante a utilización de tonos de voz esaxerados que indiquen distintas emocións.
- ✚ Estimular para que realice unha actividade previamente aprendida cando nos llo pidamos (¿Cómo fai o can?)
- ✚ Facilitar a iniciativa e que sexa el quen lle pida o que quere dicir dirixíndose ao adulto.
- ✚ Responder con sorrisos e estímulos auditivos que lle gusten
- ✚ Pedirlle que nos de os obxectos que ten cerca e que sexan familiares para él.
- ✚ Potenciar o encontro con outros nenos

- ✚ Pedirle que saúde e responda aos saúdos dos demais
- ✚ Ensinarlle a recoller os xoguetes coa nosa axuda
- ✚ Estabrecer unhas normas claras sobre o que se pode facer e o que non está permitido.
- ✚ Mostrar unha actitude receptiva e atenta ante os intentos do neno por transmitirnos algo.

Por outra parte, é moi importante que vaíamos avanzando nos hábitos de **autonomía**, por exemplo:

✚ No referente a comida

- podemos ofrecerlle galletas, cachos de pan ou froita para que os colla e intente levalos a boca e comelos por si solo, mentres nos o viciamos.
- Introducir comida semisólida, iniciando a utilización da culler por si solo.
- Facilitar a utilización da taza con asas para beber.
- A hora de comer non debe haber presa, si se ensucia ou tarda , non nos enfadamos, debemos entender que estamos aprendendo. Podemos sentarnos o seu lado e ir axudándolle ao tempo que deixamos que coma solo.

✚ Vestido

- Deixar que colabore no vestido, metendo os brazos e as pernas
- Que trate de subir o pantalón
- Deixar que quite a roupa ou termine a acción de vestirse. Pedirle que colabore en baixar a cremallera, etc

✚ Aseo

- Deixar que participe nas actividade de aseo das mans e a cara, frotando ou abrindo e cerrando o grifo.
- Ensinámoslle a peitarse
- Na hora do baño dámoslle unha esponxa para que aprenda a usala
- Pedímoslle que nos axude a limparse ou a cambiar o pañal, dicíndolle que vaia a buscalo, que colla as toallitas, que tire o sucio...
- Xogamos cos bonecos a poñelos no orinal.